

Federación galega de Xadrez

Achégolle, xunto a este oficio, a resolución da Secretaría xeral para o Deporte do 27.08.2026 sobre modificación do calendario electoral da Federación Galega de Xadrez.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A funcionaria do Servizo Xurídico-deportivo

Asinado por: NOGUEIRAS OGEA, MARIA DEL MAR
Cargo: A Funcionaria do servizo Xurídico
Deportivo
Data e hora: 28/08/2026 08:59:13

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código:
CVE: Y8Y0UdaQdlw1 <https://sede.xunta.gal/cve>





RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE SOBRE A SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CALENDARIO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

ANTECEDENTES

1. O 28.05.2026 esta Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) aprobou o regulamento e o correspondente calendario electoral anexo da Federación Galega de Xadrez (FGX), tras a aprobación da asemblea xeral desta o 02.05.2026.

2. O 25.08.2026 a FGX presentou no rexistro desta SXD un escrito solicitando a modificación do seu regulamento electoral, nos seguintes termos:

"ANTECEDENTES:

1º.- Dada a existencia de reclamacións ao censo definitivo da Federación Galega Xadrez, que foron trasladadas ao Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD)

2º.- Segundo calendario electoral, o CGXD dispón de prazo para resolver as reclamacións ata o 27 de agosto de 2026

3º.- Segundo o calendario electoral, no caso de existir reclamacións a proclamación definitiva de candidatos á Asemblea será o día 31 de agosto

3º.- Nesta situación o prazo para emitir o voto por correo quedaría moi reducido, do 31 de agosto ao 4 de setembro, 4 días naturais

ACORDA:

1.- Solicitar unha modificación no Calendario Electoral da Federación Galega de Xadrez no seguinte sentido:

"Trasladar o fin do prazo para emitir o voto por correo do 4 ao 8 de setembro"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71, do 13.04.2026), na súa versión consolidada, atribúe á Administración autonómica a facultade aprobar os regulamentos electorais das federacións deportivas.

Segundo. O artigo 56.4.e) da citada Lei sinala como unha función pública delegada, exercida en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, garantir o





cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno.

Terceiro. A teor do artigo 44.2.d) do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procedementos electorais nas federacións deportivas galegas (DOG núm. 34, do 16.02.2018), modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro (DOG núm. 249, do 29.12.2021), referente ao voto por correspondencia:

"d) O envío deberá realizarse nalgunha das oficinas de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de realización das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación."

Cuarto. Dispón a Circular 1/2026, que inclúe instrucións ao proceso electoral 2026 e publicada en <https://deporte.xunta.gal/gl/procesos-electorais-2026>:

F) MODELO DE REGULAMENTO E CALENDARIO ELECTORAL O modelo de regulamento e calendario electoral están publicados na web <https://deporte.xunta.gal/gl/procesos-electorais-2026> En relación ao calendario electoral, garantírase que entre a data da proclamación definitiva de candidaturas (trámite 8 da Fase IV do calendario remitido) e a xornada electoral presencial (trámite 1 da Fase V) deben mediar como mínimo 10 días hábiles para que se poida exercer o dereito ao voto por correspondencia.

Quinto. O calendario electoral da FGX aprobado o 28.05.2026, xunto co seu regulamento electoral, cumpre os requisitos e prazos que se establecen na normativa aplicable.

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

Denegar a modificación proposta do calendario electoral para a FGX.

Esta resolución esgota á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a súa notificación





consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro que estimen pertinente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Roberto García Fernández

O secretario xeral para o Deporte

Asinado por: ROBERTO GARCÍA FERNÁNDEZ
Cargo: Secretario Xeral para o Deporte
Data e hora: 27/08/2026 16:06:08

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: 7eHCCFV/qG6 <https://sede.xunta.gal/cve>

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela

